



**PICOÑA**

**S**r. Sandoval menciona á presente parroquia co nome de Salceda, e co mesmo é coñecida de moitos; pero o que se lle dá comunmente é o de Picoña. Celebra por Patrón tutelar a Sn. Martiño Bispo de Turon en Francia, que festexan no seu día propio 11 de Novembro. Habitana 45 veciños, que están suxeitos polo contencioso ao Xuíz que hai no mesmo pobo, e polo político e gobernativo ao de Salceda. Reditúan os seus décimos por un quinquenio 10.600 reais anuais, que insolidum disfruta o Párroco: o que ten Casa Reitoral e Igrexario unido a ela de levar en semente 41 ferrados de pan. A fábrica da Igrexa percibe só 44 reais de réditos de censo. Antigamente esta parroquia para a súa provisión era de padroado ordinario, despois o 19 de Outubro de 1694 fíxose unha permuta de Igrexa entre Dn. Luís Troncoso de Lira Señor da Picoña, e o Rdo. Bispo de Tui polo que o primeiro deu ao segundo a de Sn. Salvador de Nogueira, que está unida en clase de anexo á de Parderrubias, e era do seu padroado: e o segundo deu ao primeiro a presente da Picoña para que se unise por vía de anexo á de Parderrubias, e quedase para sempre de padroado de Dn. Luís e os seus sucesores, como xa dixemos máis longamente sobre Parderrubias: permaneceu incorporada a esta ata 28 de Abril de 1739 cando foi volta a desmembrar dela colocando aquí Abade propio independentemente de aquela, e por tal foi efecto polo Señor da Picoña como seu Patrón Dn. Juan Antonio Vizcaíno: pero estando neste pleito fiscal morreu, e sucedeu na Abadía Dn. José Antonio de la Rosa, Capelán da Catedral de Tui: e actualmente o presente Beneficio é de presentación de ditos Señores da Picoña, que teñen aquí a Casa principal. Dista da Capital legua e media.” (Ávila y La Cueva, 324-325).



**SAN MARTIÑO**

## Igrexa parroquial

Como xa se comentou na parroquia de Parderrubias, a presente serviu de troco no ano 1694 entre o Señor da Picoña, D. Luís Troncoso de Lira, e o Bispo de Tui. Este recibía a parroquia de Nogueira e entregaba a da Picoña como anexo de Parderrubias, que dende ese momento seña padroado do Señor da Picoña.

O fundador do morgado da Picoña foi o côengo de Tui, D. Morguete Rodríguez, que era irmán de dona Catarina López, esposa de D. Aparicio López, veciños da mesma, que mandan construír, entre os anos 1524 e 1544, a chamada “Capela da Virxe dos Reis” no Mosteiro de Sto. Domingo de Tui, onde están enterrados eles e os pais de D. Morguete e Dona Catarina.

Ao finar Dona Catarina sen descendencia no ano 1543, tendo finado primeiro o seu esposo, queda como herdeiro único o seu irmán, D. Morguete.

Este tivo dúas fillas naturais, e fundou para a maior delas, dona Mariana Rodríguez, o morgado da casa da Picoña, comprando rendas, foros, presentacións de parroquias e outras moitas prerrogativas.

Tamén mandou construír a igrexa de Taborda no ano 1556 cando era Abade naquela.

Finou no ano 1581 e foi enterrado na capela do convento de Sto. Domingo de Tui. Esta capela aínda era propiedade da Casa da Picoña no ano 1772, segundo unha escritura datada o día 10 de xuño.

O título de primeiro señor da Picoña ostentouno o seu neto D. Rodrigo López de Lira.

A casa da Picoña tiña dereito á presentación de catro das oito parroquias que lles correspondían á familia Troncoso de Lira e os seus descendentes, a mãis de outras presentacións noutras parroquias do bispado de Tui polos lazos familiares con outros linaxes señoriais.

A igrexa actual é de comezos do século XVII.

Nese mesmo tempo reconstrúese o pazo por D. Luís Troncoso de Lira e Sotomaior, queréndolle dar maior esplendor como se aprecia á entrada do



mesmo na seguinte inscrición: “ESTA OBRA HIZO PA ... AI POR MANDATO DE LUIS TRONCOSO DE LIRA SEÑOR DE ESTA VILLA S. M. AÑO 1603”.

A igrexa presenta unha nave rectangular e unha capela maior cadrada máis estreita, cunha sancristía adosada ao norte.

**A fachada principal (179)** é de gran sinxeleza, coa porta no centro, alintelada e sen máis adorno que unha pequena cornixa moldurada por riba do lintel, e na parte superior unha fiestra rectangular co mesmo adorno no lado superior.

A ámbolos dous lados, na parte superior, mostra o comezo da cornixa de apoio do tellado, e por riba desta nace a cornixa que ascende ata a base da espadana central.

A espadana nace nunha cornixa voada semellante ás anteriores. Ten dous ocos en arco de medio punto, con adorno de moldura no comezo do arco. Remátase con outro oco central por riba da cornixa superior, adornado con moldura en rolos, e no centro a cruz de remate. Nos extremos da cornixa hai pináculos piramidais con bola.

A nave está protexida por dous contrafortes en cada lado.

No lado norte, no comezo, detrás da fachada principal, o paramento fai un estraño quebro para acoller a escada de pedra que ascende ata a espadana.

Entre os dous contrafortes deste lado encontramos a porta lateral, e despois do segundo contraforte unha ventá de derrame externo, o mesmo que no lado sur.

A cornixa de apoio do tellado percorre toda a nave e únese coa da capela maior.

O tellado é a dúas augas, e remátase no paramento leste con capias e cruz metálica de remate.

A capela maior tamén ten unha ventá no paramento sur.

A Sancristía, de menos altura, está unida ao lado norte da capela maior, e presenta unha ventá ao leste. O seu tellado é a tres augas.

No **interior (181)** presenta o piso de pedra e as paredes e a bóveda de ladrillo en arco, enfuscadas e pintadas.

A capela maior presenta no centro un pequeno retablo, repintado en pintura plástica.

O altar adiántase e no frontal presenta un escudo abacial.

A predela compartimenta con catro pilastras as tres rúas do corpo. No centro, unha peaña sustenta o Sagrario de madeira co releve dunha custodia na porta.

As rúas márcanse con catro columnas lisas e con capitel. Son planas. As laterais teñen peañas e un pequeno adorno superior para enmarcar a imaxe.



A central rompe o entablamento cunha moldura mixtilínea ocupando parte do que seña o ático, inexistente neste retablo. Nela colócase o Crucificado.

Cérrase cun arco de medio punto moldurado cun espello central.

As rúas laterais están ocupadas por **S. Martiño (180)**, o patrón, e **S. Xosé (182)**.

Sobre o entablamento pousaron a **Sto. Amaro (183)** e **S. Gregorio (184)**.

Xunto ao arco triunfal, e facendo un pouco de ángulo con el, están dous retablos barrocos.

O lado norte ocúpase co **retablo da Virxe da O (185)**.

É un retablo-marco para situar unha única imaxe. Apóiase sobre un pequeno altar que ten no frontal unha moldura co anagrama da Virxe no centro e adorno, xeométrico e con flores, moi común.

A predela é moi quebrada, adiantándose máis nas pilastras de apoio dos estípite.

No centro está o sagrario, con releve na porta representando o año sobre o libro, e a Cruz.

No extremo dereito colocouse unha táboa cun anxo entre nubes, que non corresponde a este lugar nin ao mesmo retablo.

Os dous estípites encadran a única fornela e amparan un entablamento tamén moi quebrado. A fornela é rectangular. Adórnase lateralmente con guirnaldas e na parte superior, apoiando no entablamento cun cuarto de esfera como formando unha cúpula da fornela.

Sobre o entablamento hai outras dúas pilastras con estípites que enmarcarían outra imaxe que ocupara o centro do ático. Remátase o conxunto cun adorno con flor.

Todo o retablo ten as partes planas cubertas de adornos de cintas e flores, que na actualidade non se aprecian en toda a súa riqueza pois están repintadas de purpurina. Tamén as partes planas foron repintadas intentando darlle marmoreados.

No lado sur está o **retablo de Ánimas** (186).

Apóiasse sobre un altar que conserva un fermoso **frontal** (187).

A predela é ampla e de formas moi quebradas. No centro está a Táboa de Ánimas, na actualidade en moi mal estado debido a un ataque de termitas.

Aos lados hai dúas pilastras para soste os correspondentes estípites, e nos extremos netos. No centro dos paneis laterais están as peañas adornadas con veneras.

As fornelas das rúas laterais son planas e cérranse cunha combinación de dous lóbulos laterais e recto no centro. Por riba delas hai un gran adorno floral.

A rúa central pártese en dúas. Na parte inferior, un camarín con arco de medio punto e bóveda de cuarto de esfera acolle a imaxe da **Virxe do Carme** (188), a que nos mostran dous anxos desde a parte inferior.

Enriba del pousase a imaxe do Sagrado Corazón.

Os machóns laterais desta rúa central adórnase con cintas, teas, escadas e algún elemento vexetal.

A fornela é fonda e remata en arco de medio punto mostrando casetóns no seu interior. Ascende moi por riba do entablamento do ático. Nel apóianse dous anxos que nos mostran a imaxe central.

O **remate** (189) é un gran espello sostido por dous anxos cunha flor hexapétala no centro e coroado de vexetación.

Nun arco deste mesmo paramento no centro da nave está a imaxe da Dolorosa e do Nazareno.

Consérvase unha pía de auga bendita coa inscrición: “BALTASAR DA GROBA ME FECIT + 1627 +” (no lugar das cruces ten inscrito nun círculo o anagrama de Xesús).

A devoción á Virxe da O é moi antiga na parroquia. No ano 1850 presentouse para a súa aprobación polo Bispo o “Libro de Constituciones bajo las cuales se pretende





establecer una Asociación con el título de Nuestra Señora de la O en la Parroquia de San Martín de la Picoña". As Constitucións foron aprobadas polo Bispo Francisco García Casarrubios y Melgar o día 17 de xaneiro de 1851.

No ano 1966, o párroco fai un escrito ao bispado no que indica "o inminente perigo de derrube da parede onde se apoia o retablo do altar maior, un dos altares laterais e a tribuna da igrexa, polo que solicita permiso para a construción dun novo muro e adosar a sancristía e a construción dunha nova tribuna".

Concedeuse o permiso e leváronse a cabo as obras de recuperación no ano 1974 sendo párroco D. Luís Cardalda.

Recentemente foron restauradas algunhas **imaxes (190)** que recuperaron a súa forma e color orixinal. Cabe destacar o traballo feito na imaxe do patrón, S. Martiño, na que se pode ver todo o colorido da capa pluvial e o encaixe do roquete. Tamén a imaxe da Virxe da O e Sto. Antonio.

Ao redor da igrexa conserva algúns **panteóns antigos (191)** con moi bos traballos de cantería.



189



190

#### FESTAS E ROMAXES DE PICOÑA

- A Virxe da O: 1º domingo de xullo.
- S. Martiño: 11 de novembro.
- S. Cibrán: último domingo de maio e domingo seguinte ao 16 de setembro

Celébranse moito estas romarías de S.Cibrán, nas que se achegan á capela coa cruz parroquial e varias imaxes, entre as que non pode faltar a Virxe da O.



191